

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E O CONCELLO DE GONDOMAR PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE FORMACIÓN E APRENDIZAXE DOS PERÍODOS DE FORMACIÓN PRÁCTICA, QUE FORMAN PARTE DO CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE "ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES EN INSTITUCIÓNS SOCIAIS", NO COMPLEXO RESIDENCIAL DE ATENCIÓN A PERSOAS DEPENDENTES DE VIGO, DO ALUMNADO DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO "COIDANDO MIÑOR IV".

Lugar e data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, dona Fabiola García Martínez, na súa condición de conselleira de Política Social e Igualdade, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte, don Paco Ferreira González con DNI 36099338-X, en calidade de Alcalde do Concello de Gondomar, con número de Identificación Fiscal P3602100D e enderezo na en Praza Doutor Salgueiro s/n 36380 de Gondomar (Pontevedra), en uso das facultades que lle veñen atribuídas polo nomeamento do pleno extraordinario de data 17/06/2023 e polo artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

Teñen, segundo interveñen, a capacidade legal necesaria para formalizar o presente convenio de colaboración e

EXPOÑEN

I.- Que o Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23 confírelle á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva en materia de asistencia social, sendo transferidas estas competencias polo Real decreto 258/1985, do 23 de xaneiro, e asumidas pola Xunta de Galicia segundo o Decreto 54/1985, do 21 de marzo.

II. Que a Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, conforme co Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica e consecuentemente, a atención do colectivo de persoas maiores.

III.- Que, dentro das competencias do punto anterior, elabora con carácter específico



as políticas dirixidas ás persoas maiores tendo en conta do establecido na Lei 13/2008, do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia e na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. En particular, no marco desas competencias están comprendidas as funcións relativas ao fomento e á promoción da autonomía persoal, de promoción do envellecemento activo así como a das relacións interxeracionais.

IV.- Que o concello de Gondomar, leva a cabo o Obradoiro dual de Emprego "*Coidando Miñor IV*", no que se imparte o curso para a obtención do *Certificado de profesionalidade SSCS0208 Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais* co obxectivo de formar persoas desempregadas do Concellos de Baiona, Gondomar e Nigrán, para que poidan acceder ao mercado laboral cunha cualificación que ao seu remate leve aparellada a obtención do correspondente certificado de profesionalidade. Este curso consta, ademais da formación teórica, dunha formación práctica.

V.- Que a Consellería de Política Social e Igualdade está interesada en recibir ao alumnado deste obradoiro facilitándolle a realización dos períodos de formación práctica en centros dependentes da mesma e relacionados con este curso.

VI.- Que ambas as partes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas funcións o establecemento da súa colaboración no ámbito formativo a través da sinatura do presente convenio, acadando un compromiso para crear os ámbitos adecuados de colaboración para que o alumnado do curso, *Certificado de profesionalidade SSCS0208 Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais*, dentro do Obradoiro dual de Emprego "*Coidando Miñor IV*", poida realizar as actividades de formación práctica e aprendizaxe relacionadas cos períodos de Formación Práctica, en Centros da Consellería de Política Social e Igualdade.

E en virtude do exposto, e recoñecéndose ambas as dúas partes, na representación que sustentan, capacidade legal suficiente acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

1. O obxecto do presente convenio e establecer o marco de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e o Concello de Gondomar para o desenvolvemento dos períodos de formación práctica do curso *Certificado de profesionalidade SSCS0208 Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais*, dentro do Obradoiro dual de Emprego "*Coidando Miñor IV*", en centros dependentes da Consellería de Política Social e Igualdade.

2. A formación teórica-práctica do curso *Certificado de profesionalidade SSCS0208 Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais* desenvólvese nas instalacións do Centro de desenvolvemento local de Gondomar, na avenida Do Conde de Gondomar 12, do Concello de Gondomar e o módulo de prácticas profesionais non laborais da especialidade desenvolverase nas instalacións dependentes da Consellería



de Política Social e Igualdade, no Complexo Residencial de Atención a Persoas Dependentes de Vigo, en adiante, A Residencia, situada en Monte Arieiro nº 68, en Carretera de Madrid 190 Bouciña-Lavadores, 36214 - Vigo.

SEGUNDA.- Actividades

1. O módulo de prácticas profesionais non laborais comprenderá a formación práctica de 10 alumnos/as do curso na Residencia con comezo o 1 de agosto e remate o 14 de agosto de 2025 cun horario de 8:00 a 14:30, de luns a venres, tendo sempre en conta a dispoñibilidade do centro e respectando as normas internas do mesmo, co contido que a seguir relaciona e recollido no Anexo II:

- a) Uso de documentación e protocolos no ámbito da institución.
- b) Desenvolvemento das actividades relacionadas coa atención hixiénico- alimentaria en institucións.
- c) Atención socio-sanitaria en institucións.
- d) Técnicas de apoio psicosocial e de comunicación en institucións.
- e) Integración e comunicación no centro de traballo.

O alumnado deberá xustificar as faltas de asistencia.

2. A Residencia informará, formará e fará cumprir e respectar ao alumnado as medidas de seguridade e hixiene establecidas pola propia Residencia. Neste sentido, a Consellería de Política Social e Igualdade declara que a Residencia posúe as habilitacións necesarias e cumpre as condicións hixiénicas, acústicas, de habitabilidade e de seguridade esixidas pola lexislación vixente e é apta para a realización de ditas prácticas.

3. As cláusulas do presente convenio rexerán as prácticas que desenvolva o alumnado indicado no anexo ao mesmo, en tanto manteña a dita condición.

O anexo inclúe os datos do alumnado que desenvolverá o seu período de formación práctica na Residencia da Consellería de Política Social e Igualdade no que se desenvolverá esta formación práctica, así como as datas de inicio e remate deste período de formación.

4. A resolución de incidencias ou eventuais conflitos que teñan lugar durante o desenvolvemento do período de formación práctica resolveranse pola coordinadora de enfermería da Residencia e o órgano responsable das prácticas do Concello de Gondomar.

TERCEIRA.- Orzamento

Este convenio non supón ningún gasto para a Consellería de Política Social e Igualdade, polo que non se precisa consignación orzamentaria.

CUARTA.- Obrigas e dereitos do estudantado

1. Durante a realización das prácticas, o estudantado comprometerase a cumprir as condicións concretas establecidas; a realizar as actividades dentro do proxecto formativo fixado; a respectar os regulamentos e as normas da Consellería; a gardar unha absoluta confidencialidade sobre os acontecementos e os documentos da



Consellería, mesmo unha vez finalizado o contrato de prácticas, regulado no artigo 11.2 do Estatuto dos Traballadores, e a manter o contacto co/s seus/súas titor/titoras.

2. Dado o carácter formativo das prácticas os/as estudantes non poderán asinar nin asumir responsabilidades sobre informes, nin actuacións que requiran cualificación profesional.

3. Ao estudantado garantiráselles, en todo caso, os dereitos seguintes:

a) Á tutela, durante o período de duración da correspondente práctica, polo responsable asistencial (titor da Residencia para a realización das prácticas) e polo persoal da Residencia, profesionais de atención sociosanitaria, que o apoiará nesta aprendizaxe.

O alumnado en prácticas non laborais, sempre estará titorizado e acompañado por persoal do centro, profesionais de atención sociosanitaria, que o apoiará nesta aprendizaxe.

b) Á avaliación de acordo cos criterios establecidos no programa formativo do certificado de profesionalidade.

c) A recibir, por parte da Residencia, información da normativa de seguridade e prevención de riscos laborais.

d) A dispor dos recursos necesarios para o acceso do estudantado con discapacidade, se fora o caso, á tutela, á información, á avaliación a ao propio desempeño das prácticas en igualdade de condicións.

e) A conciliar, no caso do estudantado con discapacidade, a realización das prácticas con aquelas actividades e situacións persoais derivadas ou conectadas coa situación de discapacidade.

f) Gozaren dos permisos recoñecidos na lexislación laboral vixente.

QUINTA.- Obrigas do Concello de Gondomar.

O Concello de Gondomar concertará a existencia dun seguro de accidentes que cubrirá o posible risco do alumnado en prácticas, así como unha póliza pola responsabilidade civil ocasionada, se fora o caso, con motivo da actuación do mesmo no desenvolvemento das prácticas.

Así mesmo, a inclusión no sistema da Seguridade Social do alumnado que realice prácticas e o custo económico desta medida correrá a cargo do Concello de Gondomar.

SEXTA.- Relación entre a Consellería de Política Social e Igualdade e o estudantado en prácticas

A realización dos períodos de formación práctica do alumnado nos centros da Consellería de Política Social e Igualdade non suporá nunca a cobertura dun posto de traballo.

Para o alumnado deste curso, en ningún caso se derivarán destes períodos de formación práctica as obrigas nin os dereitos propios dun contrato laboral, nin a obriga de contratación posterior por parte da Residencia, nin da Consellería de



Política Social e Igualdade. Así mesmo, tampouco terá dotación económica ningunha pola realización destas prácticas, nin por parte da Residencia, nin por parte da Consellería de Política Social e Igualdade.

SETIMA.- Titores

O Concello de Gondomar recoñecerá o labor realizado polos/as titores/as da Residencia, polo que emitirá un certificado destinado a tal fin, sempre que a Consellería de Política Social e Igualdade así o solicite, para os efectos oportunos.

OITAVA.- Comisión Mixta de Seguimento

Créase unha comisión mixta, de composición paritaria, de seguimento do presente convenio integrada por unha persoa representante da Consellería de Política Social e Igualdade, e polo alcalde do Concello de Gondomar, así como polas respectivas persoas suplentes, que terá como funcións resolver as cuestións que suscite este convenio na súa execución e garantir o desenvolvemento normal dos compromisos asumidos.

A persoa que ocupe a presidencia será o representante da Consellería de Política Social e Igualdade, designada pola persoa titular da dirección xeral competente en materia de maiores e atención sociosanitaria.

A persoa que ocupe a secretaría, que actuará con voz e voto, será o alcalde do Concello de Gondomar.

Reuniranse cando así o considere oportuno cada unha das partes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade, designada pola persoa titular da dirección xeral competente en materia de maiores e atención sociosanitaria.

A persoa que ocupe a secretaría, que actuará con voz pero sen voto, así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á dirección xeral competente en materia de maiores e atención sociosanitaria, designada pola persoa que asuma a Presidencia.

NOVENA.- Protección de datos

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución do mesmo e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

De conformidade coas previsións contidas na Lei 3/2018, de 5 de decembro, no caso de que o alumnado deba acceder, dentro do seu programa de formación, a datos persoais de persoas físicas, xa sexan estes de persoas usuarias ou persoal da Residencia, o centro educativo comprométese a avalar o compromiso de absoluta confidencialidade dos mesmos e a non divulgalos, transmitilos nin cedelos, sendo responsable persoal e directo do cumprimento desta cláusula. Só queda autorizada



a cesión e uso destes datos para os efectos do normal e correcto desenvolvemento das actividades prácticas.

Non pode reflectirse ningún dato persoal nin das persoas usuarias da Residencia, nin do seu persoal traballador, nas memorias de prácticas, nin nos traballos que o alumnado poida presentar ao Concello de Gondomar como consecuencia da execución das prácticas do curso de formación.

Non se considera por tanto, que, como consecuencia do presente convenio de colaboración exista ningunha cesión de datos persoais entre a Consellería de Política Social e Igualdade e o Concello de Gondomar, distintos dos facilitados para a propia elaboración e xestión do presente convenio.

DÉCIMA.-Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, e estenderá os seus efectos desde 1 de agosto ata o 14 de agosto de 2025, ao ser este o período previsto para a realización da formación práctica do curso, segundo o anexo ao presente convenio.

Non obstante, en calquera momento antes da finalización do dito prazo poderase acordar, unánimemente por ambas as dúas partes, a súa prórroga.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Modificación e resolución do convenio

As partes asinantes poderán solicitar a modificación do presente convenio, no seo da comisión de seguimento establecida na cláusula décima cuarta. De acordarse a súa modificación, esta formalizarase a través dunha addenda ao presente convenio, que será asinada polas partes convenientes.

Son causas de resolución do presente convenio:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- b) O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio incluído o período de prórroga establecido neste.
- c) O acordo unánime dos asinantes.
- d) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgunha das partes asinantes.
- e) Por decisión xudicial firme declaratoria da nulidade do convenio.

Se no momento da rescisión, algún ou algunha estudante estivese realizando prácticas, continuará con elas ata o remate establecido destas.

Coa sinatura deste convenio queda derogado calquera outro que coa mesma finalidade asinaran as partes.

DÉCIMO SEGUNDA.- Publicidade e rexistro do convenio

As partes asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais, que aparecen neste, e mailo resto de especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno Aberto.

Así mesmo as partes asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento





para que as súas rúbricas, de ser o caso, consten nas copias que se remitan para a súa publicación no referido portal.

Terase en conta o establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en especial no que se refire á publicidade do convenio.

DÉCIMO TERCEIRA.- Réxime xurídico e resolución de conflitos

O presente convenio terá carácter administrativo quedando excluído da aplicación da normativa reguladora dos contratos do Sector Público, ao abeiro do disposto no artigo 6.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, debendo aplicarse, non obstante, os principios do devandito texto legal para a resolución das dúbidas ou lagoas que puideran presentarse.

As cuestións litixiosas que xurdan con respecto á interpretación, modificación, resolución e efectos do mesmo serán resoltas, en primeira instancia, pola comisión paritaria de seguimento, que someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015 do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Os conflitos que poidan xurdir polas partes, e que non se poidan resolver nesta comisión, someteranse á resolución da xurisdición contencioso-administrativa, dado o carácter administrativo do convenio.

E en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano na data e lugar que se indican no encabezamento.

Pola Consellería de Política Social e
Igualdade

Polo Concello de Gondomar

A conselleira

O alcalde

Fabiola García Martínez

Paco Ferreira González

